

Héctor Cajaraville

ESCRITOR

“As ferramentas do xornalismo e a literatura coinciden, é normal que se abran as comportas”

Carme Vidal
Imaxes: Manuel G. Vicente

Un Premio Xerais non é mala maneira para darse a coñecer no mundo literario...

Pois é! Escribí a novela entre decembro e xaneiro, foi de fácil escritura e creo que é de fácil lectura. Polo seu carácter fragmentario, había días que escribía un correo electrónico, un artigo... outros comezaba polo final... o libro non requiría orde para a súa redacción e foi unha creación moi libre. Agora é a irrupción cara a fóra, mais eu teño a sensación de que estiven a agardar este momento. Nese período de finais do ano pasado foi como un chafariz que rompe de súpeto e todo sae para fóra. Simultaneamente fun escribindo outra novela, que foi finalista no Merlin. A irrupción pode parecer repentina, mais eu levaba vinte anos agardando a oportunidade. Nesta ocasión, ademais, fíquese sen traballo: a inactividade era total e quería aproveitar o tempo. Recuperei a idea de escribir a unha velocidade que a min mesmo me abraía.

Lembra o sonado caso do escritor portugués João Ricardo Pedro, tamén da súa idade, que se deu a coñecer co Premio Leya con *O teu rostro será o último*, que comezou a escribir ao ficar no desemprego. É unha situación que se dá. Eu antes non tiña tempo. Quen está próximo da escritura, cando se dá unha circunstancia así, pode intentalo. Tes un percorrido para sacar para fóra. Ademais, atópaste nese período do final da xuventude que sabes que, se non é agora, ao mellor nunca é. Fixen 40 anos en outubro, e ao mellor tamén iso pesou.

Ao descubrir o seu nome, moita xente pensaría: un novo xornalista metido a escritor. Están tan próximos os oficios para que tantas veces se dea o paso?

Non debería sorprenderte. A base de traballo é a mesma. O raro sería que un xornalista non tivese a inqueanza de probar como escritor. Só muda que, en lugar de escribir do día a día, é preciso facelo de algo que saia de dentro. As ferramentas coinciden e é normal que as comportas se abran. Están tan próximos que ás veces son os mesmos. Concretamente, esta novela non se afasta moito do traballo do xornalismo. Son artigos, textos fragmentarios... sen o requintamento que se agarda dunha novela de premio literario. Ti-



O Premio Xerais descubriu a identidade dun novo escritor. Héctor Cajaraville preséntase ao mundo literario con *De remate*, nunha edición na que outra novela súa, *Quen dá a quenda*, foi finalista ao Premio Merlin. Xornalista que escribe unha novela co xornalismo como pano de fondo, dúas condicións que se repiten nos membros do que o director de Xerais, Manuel Bragado, deu en chamar Xeración Esperanza.

ven a idea de estar a escribir para un xornal. Ese transvasamento é natural, e se non se deu antes, ao mellor era porque había máis traballo no xornalismo. As circunstancias agora son outras, e as posibilidades de levar a cabo esa actividade son menos, por desgraza. É normal que os xornalistas vexan a literatura como alternativa.

Mais non é só iso. A súa novela ten o xornalismo como materia literaria, coma a novela de María Reimóndez, gañadora do Xerais da edición anterior, entre outras moitas que se escribiron nestes últimos tempos. Que ten o xornalismo para que sexa obxecto de tanta ficción?

Precisamente temía que o feito de que a novela gañadora da edición anterior tivese unha xornalista como protagonista puidese ir en contra de que este ano se escollese a miña. O xornalismo é unha canle que che permite falar de todo. No meu caso, non foi pola propia experiencia, senón porque a través desta fórmula podía escribir de calquera cousa e desde calquera perspectiva. Un día trátos dos apelidos e outro do entroido. Escollin máis por iso ca por coincidir na profesión. Beito Sanmarful e eu temos pouco que ver,

e a novela non é nada autobiográfica.

Por que nas súas primeiras declaracións alerta de que quizabes haxa quen non poida ver unha novela na súa obra?

Como escritor achego cápsulas de información, mais ten que ser o lector o que lle poña o remate. Introduzo un guión dunha novela, un borrador dun artigo... a idea que a xente ten dunha novela non é esta; hai unha tradición, un canon, un narrador e unha trama que arranca nun punto e remata noutro. Para min é una novela, porque conta unha historia ben trenzada, malia ter pezas moi desagregadas. Ao mellor o valor está aí, en facer unha novela con distintos cachos, outra forma de contar, rupturista con respecto ao convencional. Tamén é certo que a xente le agora máis ca nunca, mais de maneira fragmentaria e rápida, whatsapps, correos, anacos de noticias... Tamén quixen reflectir esta nova maneira de ler. O que non quería é escribir algo que xa estivese escrito. Despois de vinte anos, buscaba achegar algo que nunca se fixera.

A fragmentación da lectura está entón a ter os seus efectos na literatura? Produce efectos colaterais na narrativa?

Eu son un deses efectos. Nun tempo fixéronse novelas longuissimas, de múltiples liñas argumentais, que quizabes xa non teñen cabida. Talvez xa non se poidan facer textos que requiran a atención do lector máis alá dun tempo que non é o de antes. A xente xa só le o primeiro parágrafo dunha noticia, e non lle podes esixir que che faga caso moito máis. O tempo das novelas longas pode que estea rematado e o futuro sexa a brevidade.

Eu lera un estudo do tempo que se lle dedica á lectura, e non chegaba a un minuto por noticia nun xornal. Ese é o tempo que lle podes esixir a unha persoa que che faga caso, e iso ten os seus efectos. Por iso non fixen unha novela longa e non fixen capítulos. O texto máis longo é o prólogo. Hai ese transvasamento cara ao literario, e quixen captar esa pauta desde o xornalismo, para estar en sintonía cunha persoa lectora de hoxe.

Cando recolleu o premio fixo unha defensa do papel do corrector editorial. Por que está oculta esa figura do sistema literario?

Levo catro anos dedicándome a ese oficio, en especial para Xerais, a editorial coa que

AVANZO EDITORIAL

O pasado sábado día 6 de xuño coñecíanse na Illa de San Simón as obras gañadoras dunha nova edición dos Premios Xerais. Érica Esmoris conseguía con *Nena e o mar* o *Merlín*, Andrea Maceiras con *Europa Express* o *Jules Verne* de literatura xuvenil e Héctor Cajaraville facíase con *De remate* co Premio Xerais de Novela. Publicamos un adianto da obra que chegará as librarías no vindeiro outono.

Like a rolling stone

Baldomero Cortizo Conchouso naceu no concello ourensán de Avión en 1906. Aínda que sempre presumiu de ser sobriño de Alfonso Graña (de segundo apelido Cortizo, o que lle dá certos visos de verosimilitude), alcumado o «rei dos xibaros», lendario personaxe orixinario tamén deste municipio situado nas terras altas do Ribeiro, pouco se pode constatar sobre a autenticidade desta información, pois a xenealoxía dun e doutro son dificilmente rastrexables.

Aos catorce anos Baldomero xa vive en Buenos Aires, onde empeza a traballar de recadeiro no Hotel Embalsador, na avenida do Presidente Roque Saénz Peña. A súa imponente presenza física (máis dun metro oitenta, lanzal, pelo louro e moderadamente longo, ollos azuis) fai que o propietario do café Bassile, unha das salas de tangos máis afamadas da cidade, que acode ao hotel a un encontro de negocios, lle proponha formarse para ser parte do cadro de bailaríns do local.

Con dezasete anos acabados de facer, Baldomero deixa o seu traballo no hotel e, tras dous meses de clases intensivas, actúa por primeira vez no Bassile baixo o alias de Waldo Cortez, deformación cosmopolita do seu nome orixinal. O éxito é inmediato, e axiña aquel gallego de porte señorial se converte na estrela da sala e na parella de baile máis demandada polas señoritas da alta sociedade que conforman a súa selecta clientela.

Naquela época atribúenselle varios amos con damas da aristocracia bonaerense, pero finalmente acaba comprometéndose con Irina Yusupova, filla duns auto-proclamados príncipes rusos fuxidos do seu país tras a Revolución de Outubro de 1917. Os pais de Irina rexeitan o matrimonio; ademais da orixe humilde do pretendente, Baldomero ten entón só dezaioito anos e a rapaza, dezaseis.

Parece ser que a idea de escapar foi da propia Irina, quen se presentou un día na sala Bassile para dicirlle a Baldomero que tiña dúas pasaxes para un transatlántico que saía ao día seguinte cara ao porto francés de Le Havre. Baldomero, namorado da moza, foi buscar as súas escasas pertenzas á pensión en que vivía e colleu o barco de regreso a Europa.

Chegados ao destino, Irina pretende contactar con familiares seus instalados en París, pero as pescudas resultan infrutuosas e a parella sobrevive grazas aos seus escasos aforros, ao exíguo soldo de camareiro de Baldomero e ás clases particulares de piano que Irina imparte a nenos e nenas da clase alta parisiense.

Para cando casan, en 1927, Baldomero xa é oficialmente Valdemar Courtois. Os fillos non tardan en chegar: un neno e unha nena aos que poñen de nome Antoine e Irina. Antes do remate da década, Baldomero xa ten o seu propio negocio: un café ao que chama Avion, que

todos relacionan co aparello voador malia ser unha homenaxe á súa terra natal.

As cousas transcorren con normalidade ata que en 1937 Baldomero ten coñecemento de que se está organizando unha brigada internacional para loitar na guerra civil española do lado dos republicanos. Aínda que sempre afastado de cuestións políticas, ve no alistamento a posibilidade de fuxir do tedio e a rutina. Con trinta e un anos xa feitos deixa o negocio e a familia e acaba loitando na pirrica vitoria republicana de Belchite, tras a que só chegarán derrotas ata a rendición final de 1939.

Para salvar a súa vida, Baldomero camuflase en Barcelona nun escuadrón de militares rusos que regresan á súa terra e recalca finalmente, tras unha interminable singradura arredor de Europa, no porto lituano de Klaipeda, onde se instala. Parece ser que nun primeiro momento busca o modo de regresar a París, pero o estalido da guerra mundial faulle imposible abandonar a URSS. O seu aspecto eslavo e o seu dominio do ruso, aínda que escaso, axúdano a abrir as primeiras portas. Baldomero é agora Valdemaras Kurtinaitis, propietario dunha cafetería a carón do peirao de transatlánticos de Klaipeda. O local chámase Nieva, nome da parroquia de Avión onde naceu, outra chiscadela ás súas orixes.

Todo o periplo de Baldomero Cortizo ata este momento é posible coñecerlo grazas ás cartas que cada vez máis distanciadamente vai enviándolle ao seu irmán Serafin, falecido en 1987, quen nunca marchou de Avión e cuxos fillos, netos e bisnetos gardaron sempre as cartas do «tio Baldomero». Nos anos cincuenta pérdese a pista e non volve escribir, pero todo fai supoñer que abandona Lituania (a cafetería Nieva pecha en 1952) para instalarse noutras rexións da inmensa Unión Soviética.

Aí remata, durante máis de sesenta anos, a historia de Baldomero. Ata que hai uns meses aparecía nas páxinas do xornal australiano Brisbane City News a necrolóxica dun tal Walter Curtiz, falecido á desmesurada idade de cento sete anos. Agás a coincidencia nas datas e a similitude dos nomes, nada facía supoñer que se tratase do mesmo home coñecido sucesivamente como Baldomero Cortizo, Waldo Cortez, Valdemar Courtois e Valdemaras Kurtinaitis. Pero a necrolóxica do xornal ía acompañada do seguinte comentario: «O persoal do restaurante Belecon quere mandarlle á familia do seu fundador, en especial aos seus fillos Antoine e Irina, o seu máis sentido pésame nestes momentos de dor.»

Por se fíxese falta máis, Belecon é o lugar da parroquia de Nieva, en Avión, onde Baldomero Cortizo nacera cento sete anos antes. ☺

Texto publicado por Bieito Sanmarful no diario *Loira* o xoves, 9 de maio de 2013.



A Illa de San Simón foi escenario da entrega do premio e protagoniza un dos artigos da novela gañadora do Xerais.

<<No desemprego recuperei a idea de escribir a unha velocidade que a min mesmo me sorprendía>>

gañei o premio. Vexo como nas follas de crédito dos libros aparecen deseñador, produtor... mais case nunca o nome do corrector. As razóns poden ser desleixo ou tradición, ou tamén porque se pense que é mellor que non se saiba que existe esa figura cando, o normal é que a un escritor lle escapen cousas nas súas obras. Para unha editorial ter correctores tiña que ser un valor engadido, porque ofrecen un produto de calidade, que hai que pagar. Buscaba chamar a atención para que se corrixira un esquecemento.

Con esta edición dos premios confírmase o pulo do que Manuel Bragado chamou a Xeración da Esperanza?

Confírmase que están aparecendo novos nomes na literatura, mais non deixa de ser natural. Aparece xente nova, e a maior vai cedendo espazos. Aínda estou a asumir a condición de escritor, e cústame pensar de maneira colectiva. Somos a primeira xeración que tivemos xa sempre o galego e lecturas na nosa lingua no sistema educativo, e iso é algo común á xente da miña idade. Niso coincidimos, mais non sei se en moito máis. ☺